

DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E BENESTAR SOCIAL: UNHA REFERENCIA Á COMUNIDADE DE GALICIA

JESÚS BERNARDO PENA TRAPERO
Departamento de Estatística Económica, Estrutura Económica
e Organización Económica Internacional
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Alcalá de Henares

Recibido: 26 de maio de 2004

Aceptado: 9 de novembro de 2004

1. INTRODUCCIÓN

Como punto de partida parece conveniente clarificar os conceptos de *crecemento, desenvolvemento e benestar* que durante algún tempo foron confundidos ata o punto de pensar na súa case identidade, supoñendo que se podía postular que:

Crecemento = Desenvolvemento = Benestar

Esta identidade estaba na base das políticas que se levaron a cabo nos anos posteriores á posguerra, anos nos que se fixo do crecemento económico a meta final perseguida polos gobernos. Nos anos en que era preciso abordar a reconstrución europea pensábase que o crecemento económico non só lograba esa reconstrución senón que, ademais, permitía mellorar o benestar social. No fondo utilizábase o razoamento implícito de que “se son máis rico son máis feliz; e como o crecemento conduce a unha maior riqueza, daquela lograrase tamén unha maior felicidade na sociedade”.

O sorprendente é que esa forma de razoar non só a realizaban os responsables políticos senón que a iso axudaban tamén os economistas, ata o punto de que Georgescu-Roegen (1975), nun traballo publicado en *Información Comercial Española*, afirmaba que: “*Lo que sucede es que, con excepción de algunas voces aisladas, en los últimos años ha surgido siempre la manía del crecimiento. Tanto los sistemas como los planes económicos han sido sólo evaluados en relación con su capacidad para sostener una gran tasa de crecimiento económico. No hay plan económico conocido que non esté orientado a ello. La propia teoría del desarrollo económico está anclada en los modelos exponenciales de crecimiento*”.

Sería inxusto, con todo, criticar esas políticas e actitudes sen ter en conta o contexto en que se desenvolveron. O principio universal do “*primum vivere*” xustificábanas en gran medida. De feito, as teorías de crecemento económico que aplicaron

lograron superar os desastres da guerra, cando menos nos países da Europa occidental, e permitiron unha prolongada prosperidade que se estendeu ata mediados dos anos setenta. Con todo, esa prosperidade non era coincidente co grao de satisfacción das sociedades occidentais. A igualdade suposta entre crecemento, desenvolvemento e benestar estaba facendo auga e empezou a cuestionarse abertamente o sentido dun desenvolvemento cunha énfase que se marcaba case exclusivamente nos aspectos económicos, esquecendo outros aspectos que podían ter interese para a sociedade.

Evidentemente, se o desenvolvemento non coincidía co benestar, como pensaban os desenvolvistas, era isto último o que debía pasar a un primeiro plano e o desenvolvemento debía de considerarse como un simple instrumento para o logro dun mellor nivel de vida dos pobos.

A confusión entre os conceptos que daquela existía volve á nós, como despois veremos, co proceso de mundialización no que estamos inmersos. Por isto cómpre diferenciar claramente entre crecemento, desenvolvemento e benestar.

O *crecemento económico* consiste no aumento dos bens e servizos posto a disposición da sociedade.

O *desenvolvemento* ten unha connotación cualitativa. Supón unha certa forma de organización social e unha estruturación do aparello produtivo, coa introdución das innovacións tecnolóxicas apropiadas. Desta forma, o desenvolvemento é un conxunto de feitos sobre o *modo* en que os homes utilizan os *recursos* limitados para satisfacer as súas necesidades, sobre as *relacións entre os homes* ou grupos de homes que nacen desta actividade, e sobre as *condicións* en que se atopan como consecuencia desa actividade.

O desenvolvemento é un proceso de cambio cualitativo e de crecemento cuantitativo da realidade socioeconómica. A mellora das condicións sociais é a finalidade última de todo desenvolvemento.

Baixo esta óptica, os obxectivos sociais son os finais mentres que os obxectivos económicos son os instrumentais. Hai que xulgar o valor dunha melloría económica pola contribución que achega ao crecemento social e non á inversa.

A distinción entre desenvolvemento e *benestar ou nivel de vida*, termo este último que pode considerarse como equivalente, preséntaa de forma clara un documento da UNCTAD (Organización das Nacións Unidas para o Comercio e o Desenvolvemento)¹ cando di: “*Cabría definir el nivel de desarrollo de un país, en un sentido formal y teórico, como su capacidad de asimilar los conocimientos científicos y tecnológicos contemporáneos y de hacer participar tanto en la elaboración como en sus frutos, al mayor número de habitantes. El nivel de vida difiere de la definición que aquí se ha dado, en relación con el nivel de desarrollo, en cuanto que utiliza como referencia el nivel de satisfacción de las necesidades de la población. En cambio, en la definición de desarrollo por la que se ha apostado, es más bien el concepto de capacidad de producción de la población lo que se ha puesto de relieve para evaluar el nivel de progreso alcanzado por los países*”.

¹ UNCTAD: TD/B/259.

De aquí pode deducirse que a cantidade producida, a capacidade produtiva e a satisfacción das necesidades son os elementos clave diferenciadores duns conceptos que evidentemente están relacionados, pero que cómpre distinguir en canto ás metas por alcanzar e aos instrumentos que utilizar.

A diferenciación destes conceptos obrigou a un cambio dos obxectivos últimos das sociedades, motivado en gran medida polas consecuencias negativas que acompañaron determinadas facetas do desenvolvemento que produciron doses elevadas de contaminación en espazos fortemente industrializados.

Naqueles anos –finais dos anos sesenta– aparecen timidamente os movementos ecoloxistas, que se ven apoiados por dúas obras que produciron un considerable impacto e apaixonadas discusións: refírome ao “manifesto pola supervivencia”² e ao informe do Club de Roma *Os límites ao crecemento*, publicadas ambas as dúas no ano 1972.

No informe do Club de Roma conclúese o seguinte:

- 1) Se as tendencias na poboación mundial, na industrialización, contaminación, produción de alimentos, esgotamento de recursos continúan sen cambios, os límites ao crecemento neste planeta serían alcanzados aproximadamente nos próximos cen anos. O resultado máis probable sería unha rápida e incontrolada redución na poboación e na capacidade industrial.
- 2) É posible alterar estas tendencias ao crecemento e establecer unha condición de estabilidade económica e ecolóxica que sexa sostible no futuro. O estado de equilibrio global podería ser deseñado de forma que as necesidades materiais básicas de cada persoa sobre a terra sexan satisfeitas con igualdade de oportunidades para realizar o potencial humano dos seus individuos.

Aínda que o informe errou en moitas das súas predicións, a liña xeral da súa formulación era moi válida e suscitou unha gran controversia e cambios nos gobernos e nas institucións internacionais. Así, a ONU comeza os estudos que se concretarían no documento *Cara a un sistema de estatísticas demográficas e sociais*, publicado no ano 1975, e a OCDE crea un grupo de traballo para o estudo e a implantación do Programa de Indicadores Sociais que finalizou no ano 1982 coa publicación da “lista OCDE dos indicadores sociais”.

As ideas que toman corpo de natureza nos inicios dos anos setenta continúan a súa evolución e concréntanse en dous aspectos importantes defendidos hoxe en día con carácter xeral.

Un é o concepto de *desenvolvemento humano* que se populariza cando o PNUD (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento) elabora o índice do desenvolvemento humano (IDH), que se define como “o proceso de ampliar as oportunidades dos individuos para que o desenvolvemento sexa democrático e participativo”. Un desenvolvemento que ofrece a posibilidade de que as persoas leven

² “A Blueprint for Survival”, *The Ecologist* (1972).

unha vida máis prolongada e saudable, que poidan adquirir coñecementos e que teñan acceso aos recursos existentes.

Cómpre sinalar que este concepto se afasta das formulacións puramente economicistas e que se achega cada vez máis á idea de benestar social á que antes aludimos como satisfacción das necesidades. De feito, no índice de desenvolvemento humano inclúense tres compoñentes que fan referencia á saúde, á educación e aos recursos económicos como instrumentos, estes últimos para o logro dos outros dous. Agora ben, estes tres elementos son aceptados con carácter xeral polos especialistas como elementos básicos do benestar social. Desta forma, o IDH podería ser considerado como unha aproximación ao índice de benestar social, aproximación incompleta xa que este contén outros elementos adicionais que completan o concepto.

O outro aspecto importante na avaliación do concepto de desenvolvemento é o que se refire á súa sostibilidade ou sustentabilidade.

2. O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Aínda que no informe do Club de Roma xa se falara de sostibilidade, a primeira vez que toma carta de natureza oficial é no ano 1980 na chamada “estratexia de conservación mundial”, realizada pola Unión Internacional pola Conservación da Natureza (IUCN), polo Fondo Mundial para a Natureza (WWF) e polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (UNEP).

A definición do concepto máis utilizada xorde do documento elaborado no ano 1987 pola Comisión Mundial de Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento (UNCED) coñecido como informe Brundtland, que leva como título *O noso futuro común*.

Segundo este documento, desenvolvemento sostible é “*o desenvolvemento que satisfai as necesidades actuais sen comprometer a capacidade das xeracións futuras de satisfacer as súas*”. Esta definición é matizada por Marcos Castro Bonaño nunha tese de doutoramento presentada en febreiro do presente ano na Universidade de Málaga co título *Indicadores del desarrollo sostenible urbano: una aplicación para Andalucía*.

Castro Bonaño sinala que o “*uso de la definición de sostenibilidad del informe Brundtland, centrada en el aspecto de la equidad intergeneracional, plantea importantes problemas metodológicos que obligan a la definición a priori de los siguientes hechos: el horizonte temporal, las preferencias de las generaciones futuras, las necesidades básicas a satisfacer y la coherencia interna de sostener un desarrollo que actualmente no es equitativo entre las naciones*”.

O recente doutor estuda en profundidade o concepto e as diferentes definicións que se viñeron manexando na literatura a este respecto. Segundo el, “*la mayoría de los autores desgranar el término en varios componentes. En este sentido –engade– destaca el esquema de los tres pilares del desarrollo sostenible propuesto por Mu-*

nasinghe (1993) que distingue entre sostenibilidad medioambiental, económica y social. La primera apunta hacia la conservación de los sistemas soporte de la vida (tanto como fuentes de recursos como destino o depósito de residuos); la sostenibilidad económica se refiere al mantenimiento del capital económico; la acepción social es definida como el desarrollo del capital social. Finalmente, el desarrollo sostenible es el concepto integrador de los tres anteriores”.

Sexa cal sexa a definición elixida, a maioría dos autores sosteñen que a condición necesaria para a sostibilidade é o mantemento dos niveis de *capital natural* no contexto do cambio global, idea que xa recollía o informe Brundtland (1987) ao afirmar: “*Se as necesidades se van satisfacer de forma sostible, ha de conservarse e mellorar a base dos recursos naturais da terra*”.

A existencia da conservación do capital natural dá lugar á diferenciación entre o concepto de sostibilidade forte e débil.

3. SOSTIBILIDADE FORTE E DÉBIL

Dise que unha economía se atopa nunha senda fortemente sostible se mantén ou aumenta a súa dispoñibilidade de capital natural ao longo do tempo. Pola contra, afirmase que unha economía se atopa nunha senda debilmente sostible se o desenvolvemento (medido normalmente polo PNB) non diminúe dunha xeración á seguinte.

A razón desta distinción apóiase no feito de que os defensores da sostibilidade forte cren que o capital natural non é plenamente substituíble polo capital artificial feito polo home. Segundo eles, no estado actual da tecnoloxía os recursos non renovables non teñen unha posibilidade certa de ser substituíbles na súa totalidade polo capital artificial e, polo tanto, se esta incerteza se une ao principio de irreversibilidade das consecuencias ambientais de certas actividades humanas, é necesario preservar o stock de capital natural así como a calidade ambiental incluída nel.

De feito, para os defensores desta tese os conceptos de “crecemento” e “sostible” son contraditorios, xa que por definición o crecemento non se pode soste, dada a irreversibilidade de determinados procesos de degradación e de escaseza xerados.

Desde o punto de vista doutrinal, este debate está moi relacionado coas teorías de crecemento esóxeno-endóxeno, aínda que haxa autores como Romer (1999) que afirmen que as teorías do crecemento e a economía do desenvolvemento se converteron en áreas de interese separadas, malia que a división apuntada é puramente metodolóxica. “*Os rapaces do crecemento falaban en termos matemáticos, os do desenvolvemento expresábanse na linguaxe das palabras*” (*The growth guys talked maths, the developments guys talked words*).

Nas teorías do crecemento esóxeno que se apoian nos modelos neoclásicos de crecemento presentados no ano 1956 por Solow e Swan chégase á conclusión de que unha economía con rendementos decrecentes nos factores e rendementos cons-

tantes a escala conduce ao que chaman estado estacionario, unha situación teórica na que todas as macromagnitudes básicas (producción, capital e aforro) medran exactamente na mesma proporción en que o fai a poboación, polo que non se produce crecemento en termos *per cápita*. A consecuencia do anterior é que nunha economía que se atope nun estado estacionario cara ao que tendería asintoticamente toda economía non se produciría ningunha mellora en canto ao crecemento do produto *per cápita*: os aumentos do stock de capital produciríanse simplemente para manter o capital *per cápita* constante, cubrindo a depreciación e o crecemento de poboación.

O punto débil de todo o esquema dos modelos neoclásicos de crecemento radica en que parten da ausencia de progreso tecnolóxico que condiciona os rendementos decrecentes de factores. De feito, nun contexto de cambio tecnolóxico constante como o actual, a situación de non-crecemento propia do estado estacionario non se alcanzaría nunca.

Fronte a estas teorías de crecemento esóxeno, a obra de Romer (1986) abre a vía ás teorías de crecemento endóxeno polas que a taxa de crecemento do stock de capital por traballador no estado estacionario pode ser positivo sen recorrer ao crecemento de variables esóxenas ao modelo. Unha consecuencia disto é que poden admitirse rendementos constantes a escala nos axentes económicos individualmente considerados –e rendementos crecentes para o conxunto da economía froito das economías externas da expansión do progreso tecnolóxico– nunha contorna de competencia imperfecta.

En todas estas teorías ao falar do stock de capital refírense ao capital total (o artificial –creado polo home– e o natural). Respecto a este último, pénsase que as novas tecnoloxías son capaces de substituír o capital natural polo artificial. Por iso, aínda que se considere que a degradación ambiental e as súas consecuencias actuarán como límite ao crecemento económico, non por iso este deixará de existir no longo prazo. De feito, Romer indica que os recursos dos que dispoñemos agora non son maiores ca antes; quizais, ocorra o contrario e o crecemento non se detivo xa que o progreso tecnolóxico e as novas ideas permitiron unha organización máis eficiente da sociedade e dos procesos produtivos e aforradora de recursos.

Así pois, as teorías endóxenas do crecemento poderían permitir un desenvolvemento sostible en sentido estrito ou forte. Con todo, o logro do sostemento forte presenta grandes problemas e dificultades debido, por un lado, á dificultade de aceptar a posibilidade de substituír o capital natural, unha parte do cal é esgotable, polo capital artificial; e, por outro lado, o antagonismo entre a eficiencia e a equidade.

4. EFICIENCIA E EQUIDADE

Marcos Castro Bonaño, na xa citada tese de doutoramento, afirma moi acertadamente que “*en el análisis económico el problema de la gestión de los recursos se*

resume en la consideración de tres criterios muchas veces antagónicos: eficiencia económica, calidad ambiental y equidad intergeneracional".

Desde o punto de vista da eficiencia, trataríase de xestionar os recursos de forma que se obteña o máximo crecemento económico posible nun momento dado do tempo. A consideración da conservación e da calidade ambiental só se ten en conta se as accións contrarias comprometen o desenvolvemento futuro. Como sinalan Pearce *et al.* (1989), "*a eficiencia na xestión dos recursos naturais persegue a obtención de óptimos paretianos no problema intertemporal da asignación de recursos mediante a internalización das externalidades ambientais e da xestión eficiente dos recursos de propiedade común ou de libre acceso. Conseguir a sostibilidade podería requirir políticas máis estritas ca as derivadas do criterio de Pareto, dado que a xeración presente tería que sacrificar ganancias no seu benestar por ganancias na xeración futura*".

Cando se xestionan os recursos pensando unicamente na óptica económica é moi doado o esquecemento das xeracións futuras e ter en conta só a conservación dos recursos naturais na medida en que poidan comprometer o crecemento futuro próximo. Por iso, como sinalan Dasgupta e Heal (1979), unha senda que maximiza o valor presente da utilidade con recursos renovables e non renovables pode ser moi inxusta coas xeracións vindeiras.

Cando o desenvolvemento sostible baséase máis na busca do benestar ca no puro crecemento económico, ese desenvolvemento tense que establecer máis en termos de equidade ca en termos de eficiencia ou, cando menos, esta debe de formularse como un problema de optimización condicionada ao mantemento, ou incremento, da equidade na súa dobre vertente de equidade intraxeracional e interxeracional. Hoxe en día existe un perigo certo de esquecer esta formulación, de forma que volve predominar o enfoque economicista sobre os principios de equidade. En efecto, a mundialización, que supón características moi positivas en certos aspectos, representa, porén, un perigo no que se refire ao benestar. Os estados vense obrigados a competir para atraer investimentos e iso condiciona a un país, para ser competitivo, a sacrificar os seus actuais niveis de cohesión social, de independencia, de liberdade política e de benestar social. Así, Miller sinala que a retirada de políticas de benestar está producindo un incremento dos niveis de pobreza en todo o mundo, así como unha crecente polarización social entre ricos e pobres. Esta afirmación confirmase coas palabras do secretario xeral da ONU o cal, ao dar a benvinda aos asistentes á terceira conferencia das Nacións Unidas sobre os países menos desenvolvidos celebrada en Bruxelas en maio do ano 2002, dixo: "*Nos últimos vinte anos a lista dos países menos desenvolvidos en lugar de se acurtar, alongouse*".

Desgraciadamente, estas tendencias que se están convertendo en dominantes non parece que estean a punto de desaparecer. Así, é sintomático que no plan de acción acordado no cumio de Johannesburgo, celebrado no ano 2003, entre os puntos sinalados sexa o que se refire ao "comercio e globalización" o máis débil segundo as organizacións non-gobernamentais. Acordouse, sen un prazo concreto,

“recomendarlles” aos países unha redución das subvencións daniñas para o medio, en especial os subsidios ás explotacións de carbón mineral.

5. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E BENESTAR SOCIAL

Ao longo do exposto ata agora, aludimos especialmente ao concepto de desenvolvemento sostible, pero falamos menos do concepto de benestar social. Con todo, ambos os dous conceptos están moi relacionados, ata o punto de que non se pode conseguir un desenvolvemento sostible sen mellorar o benestar social.

Na definición do informe Brundtland, que xa comentamos, ía implícito o concepto de benestar cando se mencionaba a satisfacción das necesidades actuais sen comprometer a capacidade das xeracións futuras de satisfacer as súas, porque na satisfacción das necesidades radica a base do benestar. Por iso, o obxectivo do desenvolvemento sostible debe ser lograr un benestar *per cápita* non decrecente ao longo do tempo. É neste sentido no que Pearce *et al.* (1989) se refiren á equidade interxeracional que debe perseguir o desenvolvemento sostible e que ten que deixar como herdanza ás xeracións futuras un stock de “*coñecemento e habilidades, de tecnoloxía, de capital feito polo home e un stock de bens ambientais*”. E só desde a perspectiva do benestar individual e social ten sentido referirse ao desenvolvemento sostible que, noutro caso, sería simplemente un exercicio académico ou un recurso dos políticos e de certas organizacións non-gobernamentais para autoxustificarse. En efecto, aínda que a natureza é un ben que ten entidade propia e a súa conservación é de por si un obxectivo que cómpre defender, aínda que só sexa por razóns estéticas e éticas, non debe de esquecerse que demandar sacrificios ás xeracións presentes en favor das xeracións futuras só pode facerse pensando que o home é o rei da natureza, a pesar de que en moitas ocasións se comporta con ela como un tirano sen escrúpulos.

Non é de estrañar, xa que logo, que nos anos en que se intentaba de forma institucional aproximarse á medición do benestar a través dos indicadores sociais se incluía un compoñente deste relacionado coa “contorna física”, tal e como se fixo no proxecto de indicadores sociais da OCDE. Ou, como se fixo no capítulo dos indicadores sociais deseñados polas nacións unidas, que incluía esa contorna en dominios de indicadores relacionados coas condicións do traballo, de saúde, de vivenda e a súa contorna, ou na distribución do tempo e uso do tempo libre. É especialmente relevante o papel que desenvolve a vivenda na calidade de vida e de que xeito se relaciona coa contorna urbana na que está asentada. Os espazos naturais, as dotacións e as infraestruturas que a rodean, os enlaces por medios de transporte cos lugares de traballo ou centros de lecer e cultura, etc. son elementos determinantes dunha boa ou dunha mala calidade de vida. Por iso o ecosistema urbano, que se enfrenta na maioría dos casos co ecosistema natural, é primordial para o logro do desenvolvemento sostible. De feito, unha gran parte das agresións ao medio xorden dun urbanismo agresivo e incontrolado no cal os criterios economicistas se impo-

ñen a criterios máis conservadores do medio e á busca de solucións máis defensoras da sostibilidade aínda que resulten máis custosas.

En resumo, o desenvolvemento sostible ten a súa xustificación na medida en que está ligado ao benestar individual e social e este só se pode lograr se se dá nun contexto de desenvolvemento sostible no que o benestar de hoxe poida manterse nos vindeiros anos.

6. A EVOLUCIÓN DO BENESTAR NA COMUNIDADE DE GALICIA

No que precede fixemos unha exposición do que significa o desenvolvemento sostido e a súa relación co concepto do benestar. No que segue imos ocuparnos de ver a evolución do benestar na Comunidade de Galicia. Para iso imos seguir a metodoloxía da OCDE para aproximarnos ao concepto de benestar. Esta metodoloxía consiste en parcelar o concepto en varias áreas ou dominios que se consideran obxectivamente os seus compoñentes. Cada unha destas áreas subdivídese á súa vez en subáreas e proséguese así na desagregación ata chegar aos niveis mínimos. A estes asígnaselles unha medida estatística ou indicador social que permite seguir a evolución desa parcela.

A ligazón entre o indicador e a parcela obxectivo –preocupación social– que pretende medir e a xerarquización destes nunha unidade global é o que lle dá interese e coherencia ao conxunto. Evidentemente, os indicadores sociais seleccionados deben de cumprir unha serie de requisitos para que o conxunto deles permita un recubrimento suficiente aproximado do concepto de benestar.

A continuación imos enumerar dunha maneira sucinta os requisitos básicos esixibles aos indicadores sociais:

- 1) *Ser adecuados ou válidos* para seguir a evolución no nivel ou no cambio de determinada preocupación social.
- 2) Ter *capacidade de compendiar* de forma que permitan incorporar a maior cantidade de información posible sobre a preocupación social dada, sen suprimir información básica.
- 3) *Integralidade*. O indicador social debe de formar parte dun sistema, de forma que a totalidade do sistema estea elaborado para cubrir un conxunto ou parte dun conxunto referido a unha área de preocupación social.
- 4) O indicador debe ser unha *medida directa*, é dicir ha de asociarse á medición do estado final dunha preocupación e non aos medios instrumentais ou indirectos utilizados para lograr ese estado final. Noutras palabras, deben ser indicadores de resultados e non de insumos.
- 5) Outras propiedades desexables serían: posibilidades de agregación e desagregación, posibilidades de comparacións interespaciais e intertemporais, oportunidade e viabilidade.

Ao final de todo este proceso atopámonos cun conxunto de indicadores sociais nos que, para que nos dean unha medida sintética que reflecta o resultado do conxunto, é preciso utilizar un proceso de agregación.

Existen varios métodos de agregación. Nós, a seguir, imos utilizar un método proposto por min e que goza dun conxunto de propiedades que o fan aconsellable. Trátase dunha distancia nun espazo métrico –a DP_2 – cuxa formulación e propiedades se atopan na obra *Problemas de la medición del bienestar y conceptos afines* publicada polo INE no ano 1976. Posteriormente, Pilar Zarzosa na súa tese de doutoramento, publicada pola Universidade de Valladolid no ano 1996 co título *Aproximación a la medición del bienestar social*, demostrou propiedades adicionais e xunto co seu irmán Félix Zarzosa elaborou un loxicial que facilita o cálculo da DP_2 .

Na táboa 1 pódense ver os indicadores sintéticos para os anos 1964, 1974, 1981 e 1986 utilizando fontes de información diferente que supoñen métodos de agregación distintos (DP_2 en Pena e análises factoriais no INE) e emprego de distintos indicadores sociais. Para facelos comparables normalizáronse tomando desviacións á media e dividindo polas desviacións típicas.

Táboa 1.- Indicadores sintéticos normalizados

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	DP_2	1964	DP_2	1974	INE	1981	INE	1986
	Valor	Nº orde	Valor	Nº orde	Valor	Nº orde	Valor	Nº orde
Madrid	2,02	1	2,03	1	1,849	1	1,892	1
País Vasco	1,52	2	1,36	2	1,195	3	1,165	3
Navarra	1,66	4	0,96	4	1,263	2	1,2	2
Cataluña	1,24	3	1,25	3	0,967	4	0,918	4
Aragón	-0,02	10	0,44	6	0,51	6	0,611	6
A Rioxa	0,29	7	0,17	9	-0,063	9	0,272	7
Cantabria	0,32	6	0,19	8	0,427	7	0,193	9
Asturias	0,15	9	0,13	10	-0,257	10	-0,142	10
C. Valenciana	0,15	8	0,42	7	0,342	8	0,25	8
Baleares	0,53	5	0,56	5	0,711	5	0,626	5
Castela e León	-0,61	12	-0,69	12	-0,521	12	-589	12
Murcia	-0,53	11	-0,48	11	-0,291	11	-0,196	11
Canarias	-0,7	13	-0,79	13	-0,744	13	-0,954	13
Galicia	-1,14	15	-1,38	16	-1,17	15	-1,063	15
Andalucía	-1,05	14	-1,17	14	-1,098	14	-1,13	16
Castela-A Mancha	-1,22	16	-1,31	15	-1,324	16	-1,043	14
Estremadura	-1,52	17	-1,9	17	-1,798	17	-1,752	17

FONTE: DP_2 1964 e DP_2 1974 en Pena: *Problemas de la medición del bienestar y conceptos afines*. INE (1981) e INE (1985). Índice do “nivel medio de vida” en *Indicadores sociales*. INE (1991).

Como é fácil de comprobar, a Comunidade de Galicia mantén o posto 15 ao longo de todos eses anos entre as 17 comunidades autónomas, agás no ano 1974, ano no que descende un posto.

Unha análise un pouco máis detallada da táboa 1 demostra que a clasificación está perfectamente asentada xa que a maioría das comunidades non varían de posi-

ción e as que o fan, agás excepcións, gañan ou perden un posto. As excepcións serían Aragón, que gaña catro postos no primeiro período e os conserva ata o final, e Cantabria, que de gañar dous postos no primeiro período remata perdendo tres postos con respecto ao ano 1964.

O inconveniente que presenta a táboa 1 é que unicamente permite unha ordenación das comunidades, xa que ao utilizar indicadores distintos en Pena e no INE e ao utilizar este último como método de agregación de análise factorial, non é posible establecer escalas cardinais.

No ano 1988, Sanz e Terán publican un artigo en *Papeles de Economía Española* no que se permite a aplicación de escalas cardinais, o que fai moito máis rica a análise. Para iso parten dos resultados obtidos por Pena para os anos 1964 e 1974, lixeiramente modificados por cuestións metodolóxicas, e constrúen un novo indicador sintético para o ano 1983 partindo dos 22 indicadores simples utilizados por Pena e actualizados para ese ano 1983. Empregan, ademais, como método de agregación a DP_2 que ten, entre outras, a vantaxe de que os resultados numéricos, ao seren distancias nun espazo métrico, permiten o manexo de escalas cardinais. Ademais, se se fixa a mesma base de referencia para os períodos dunha comparación, a propiedade de invarianza da DP_2 permite a comparación directa non só entre as distintas unidades territoriais senón tamén entre os distintos momentos do tempo.

A título informativo, os 22 indicadores que poden verse no libro de Pena agrúpanse nas seguintes áreas:

- A) Indicadores económicos.
- B) Indicadores de educación e cultura.
- C) Indicadores de nivel sanitario.
- D) Indicadores de equipamento das familias.
- E) Indicadores das condicións do hábitat.
- F) Outros indicadores.

Os resultados obtidos por Sanz e Terán expóñense na táboa 2. A lectura desta táboa permítenos medir a evolución no tempo, como xa indicamos anteriormente. Polo que se refire a Galicia, vemos que descende do posto catorce, no ano 1964, ao dezaseis que ocupará nos anos seguintes.

En segundo lugar, a melloría experimentada no índice é considerable, pasando dunha distancia á base de referencia de 2,5 puntos no ano 1964 a 7,53 no ano 1974 e de 17,47 no ano 1983, con taxas de crecemento anual do 11,66% acumulativo entre os anos 1964 e 1974 e do 9,8% entre os anos 1974 e 1983.

En terceiro lugar, habería que sinalar que en todos os períodos o índice de benestar se sitúa por baixo do índice correspondente a España e da media dos índices ponderados pola poboación das comunidades autónomas.

En cuarto lugar, os ritmos de melloría no benestar son maiores ca os que corresponden a España no período 1974-1964 (11,66 fronte a 8,84), ao igual ca no último período 1983-1974 (9,8 fronte a 7,29).

Outra observación que se desprende da lectura da táboa 2 é que se produciu unha redución das diferenzas rexionais manifestadas polo índice de benestar, como o expresan os coeficientes de variación que pasan do 45,08% no ano 1964 ao 13,093% no ano 1983.

Táboa 2.- Indicadores das comunidades autónomas (1964, 1974 e 1983)

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	1964		1974		1983		INCREMENTOS (Taxas anuais)	
	Indicador	Nº Orde	Indicador	Nº Orde	Indicador	Nº orde	1964/1974	1974/1983
Madrid	10,758	1	16,106	1	26,295	1	4,12	5,6
País Vasco	7,846	3	15,559	2	25,636	2	7,09	5,71
Cataluña	7,984	2	14,879	3	25,342	3	6,42	6,1
Navarra	6,504	6	13,592	4	24,842	4	7,55	6,93
Baleares	6,62	4	13,189	5	23,926	5	7,14	6,84
A Rioxa	6,534	5	12,451	7	23,925	6	6,66	7,53
C. Valenciana	5,299	10	12834	6	23,894	7	9,25	7,15
Cantabria	5,872	7	12,159	9	23,551	8	7,55	7,62
Aragón	5,72	9	12,16	8	22,891	9	7,83	7,28
Asturias	5,726	8	12,022	10	22,785	10	7,7	7,36
Murcia	3,483	132	10,481	11	21,769	11	11,65	8,46
Canarias	3,447	13	10,143	12	20,738	12	11,4	8,27
Castela e León	4,38	11	9,447	13	20,203	13	8,11	8,81
Andalucía	2,403	15	9,151	14	19603	14	14,31	8,83
Castela-A Mancha	2,116	16	8,417	15	16,629	15	14,81	9,22
Galicia	2,5	14	7,531	16	17,47	16	11,66	9,8
Estremadura	1,859	17	6,548	17	15,993	17	13,42	10,43
ESPAÑA	5,089		11,877		22,379		8,84	7,29
Media	5,235		11,569		22,205		8,25	7,51
C. variación (%)	45,082		23,191		13,093			

FONTE: Sanz e Terán (1988).

Outra forma, se cadra, máis intuitiva de ver isto é a través do coeficiente de apertura (cociente entre o valor máximo e o mínimo) que toma os seguintes valores:

Coeficientes de apertura		
1964	1974	1983
5,78	2,46	1,64

7. O ÍNDICE DE BENESTAR NOS ANOS RECENTES

A partir do ano 2000, a Caixa publica anualmente no seu *Anuario Social de España* os índices de benestar por provincias e por comunidades autónomas. O equipo técnico que elabora este anuario fórmao un grupo de profesores do Instituto Laurence Klein da Universidade Autónoma, dirixido polo profesor José Vicens Otero e no que estou integrado como consultor. O método de agregación utilizado é o da DP_2 .

Seleccionáronse 68 indicadores agrupados en 7 áreas: Sanidade; Educación, cultura e lecer; Riqueza; Vivenda e equipamento do fogar; Seguridade e xustiza; Emprego e calidade de vida no traballo e, finalmente, Contorna física e clima.

Os valores da DP_2 transformáronse en números índices con respecto ao valor medio nacional que se iguala a 100, ao que se lle dá o nivel 5, cun percorrido do 1 ao 10.

Os resultados para os anos 2000 e 2001, únicos publicados ata o momento, preséntanse na táboa 3.

Táboa 3.- Indicadores de benestar por comunidades autónomas (2000 e 2002)

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	ÍNDICE 2000	Nº DE ORDE	ÍNDICE 2002	Nº DE ORDE
1. Andalucía	3	13	3	16
2. Aragón	6	7	7	9
3. Asturias	5	11	5	13
4. Baleares	8	3	9	4
5. Canarias	6	7	7	9
6. Cantabria	8	3	8	5
7. Castela e León	3	13	6	11
8. Castela-A Mancha	2	16	3	16
9. Cataluña	8	3	10	1
10. C. Valenciana	6	7	8	5
11. Estremadura	3	13	4	14
12. Galicia	2	16	4	14
13. Madrid	8	2	10	1
14. Murcia	5	11	6	11
15. Navarra	10	1	10	1
16. País Vasco	6	7	8	5
17. A Ríoxa	7	6	8	5
ESPAÑA	5		5	

A táboa anterior permítenos realizar comparacións ordinais que non cardinais, xa que non se utilizou para ambos os dous anos a mesma base de referencia e se modificaron lixeiramente os indicadores seleccionados.

No ano 2000, Galicia atópase nun grupo que ocupa o posto dezaseis en compañía de Castela-A Mancha, cun índice inferior á media que corresponde a España.

No ano 2002, Galicia gaña dous postos nesta clasificación pero segue por baixo da media nacional, igualándose a Estremadura e superando unicamente a Andalucía e a Castela-A Mancha.

É interesante sinalar que a orde obtida no ano 2000 é a que ocupaba no traballo de Sanz e Terán para os anos 1974 e 1983.

Por compoñentes, danse na táboa 4 os resultados para Galicia nos anos 2000 e 2001. Como pode observarse nesta táboa, os aspectos máis negativos corresponden á oferta cultural e de lecer, e á vivenda e equipamento do fogar. Para estes compoñentes ocupamos o último posto na clasificación, mentres que se destaca en seguridade cidadá e ambiental e en contorna natural e clima.

Táboa 4.- Índice de cada compoñente no índice de benestar (2002). España = 5

COMUNIDADE: GALICIA		
COMPOÑENTE		Nº DE ORDE/17
Renda	4	12
Saúde	3	14
Servizos sanitarios	5	12
Nivel educativo	5	13
Oferta cultural e de lecer	2	17
Emprego	5	11
Condições de traballo	5	11
Vivenda e equipamento do fogar	2	17
Accesibilidade económica e seguridade vial	6	8
Convivencia e participación social	4	11
Seguridade cidadá e ambiental	7	2
Contorna natural e clima	8	3
<i>Índice sintético de benestar social</i>	<i>4</i>	<i>14</i>

8. O ÍNDICE DE BENESTAR POR PROVINCIAS NA COMUNIDADE DE GALICIA

Na xa citada tese de doutoramento de Pilar Zarzosa dáse o índice de benestar utilizando a DP_2 , con 30 indicadores simples e referido a datos do ano 1986.

Os resultados obtidos permiten a ordenación que se presenta na táboa 5.

Táboa 5.- Ordenación das provincias de Galicia en relación coas 50 españolas

PROVINCIAS DE GALICIA	RANGO
A Coruña	24
Lugo	45
Ourense	48
Pontevedra	25

Como pode observarse, existe un forte desequilibrio entre as provincias galegas destacando as da costa atlántica que se sitúan na parte central da ordenación das provincias españolas, e as provincias do interior que están entre as peor clasificadas.

Para o ano 2002 temos o índice de benestar que nos dá o *Anuario Social* de la Caixa. Este índice está referido ao valor da media nacional que se fai igual a 5. A ordenación que se obtén é a que se presenta na táboa 6.

Táboa 6.- Ordenación das provincias de Galicia en relación coas 50 españolas

PROVINCIAS DE GALICIA	PUNTOS	CLASIFICACIÓN/50
A Coruña	6	20
Lugo	2	45
Ourense	1	48
Pontevedra	4	32

O transcurso do tempo entre os anos 1986 e 2002 modificou lixeiramente a orde e mellorou a situación da Coruña, empeorando a de Pontevedra e deixando iguais as de Lugo e Ourense.

Continúa existindo unha forte desigualdade entre as provincias.

A análise dos compoñentes permite ter unha visión explicativa da situación de cada provincia. Os resultados móstranse na táboa 7.

Táboa 7.- Índice de benestar por compoñentes para cada provincia (2002). España = 5

COMPOÑENTES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Renda	4	4	3	4
Saúde	2	1	1	6
Servizos sanitarios	7	3	5	4
Nivel educativo	8	3	3	4
Oferta cultural e de lecer	3	3	2	1
Emprego	5	5	4	4
Condições de traballo	5	9	6	5
Vivenda e equipamento do fogar	3	2	1	3
Accesibilidade económica e seguridade vial	7	2	5	7
Convivencia e participación social	4	5	3	4
Seguridade cidadá e ambiental	8	9	7	6
Contorna natural e clima	8	6	5	9
<i>Índice sintético</i>	6	2	1	4

Destacan con valores superiores á media nacional:

- A Coruña en servizos sanitarios, nivel educativo, accesibilidade económica, seguridade cidadá e ambiental, e en contorna natural e clima.
- Lugo en condicións de traballo, seguridade cidadá e ambiental, e en contorna natural e clima.
- Ourense en condicións de traballo e en seguridade cidadá e ambiental.
- Pontevedra en accesibilidade económica e seguridade vial, seguridade cidadá e ambiental, e en contorna natural e clima.

No aspecto negativo destacarían a saúde, agás en Pontevedra, a oferta cultural e de lecer e o nivel educativo, agás na Coruña.

9. CONCLUSIÓN

Como conclusión do anteriormente exposto quixera destacar aqueles aspectos máis significativos na evolución do índice referido a Galicia.

- 1) Historicamente Galicia vén situándose entre os postos 14 e 16 na ordenación das comunidades autónomas.
- 2) O índice sitúase por baixo da media nacional.

- 3) Nas etapas en que foi posible medir a evolución en termos cardinais (1964-1983) puido comprobarse unha forte melloría no índice, con taxas anuais do 11,66% entre os anos 1964 e 1974 e do 9,8% entre os anos 1974 e 1983.
- 4) En ambos os dous períodos, os ritmos de crecemento foron os máis elevados entre as comunidades autónomas, agás Extremadura, e permitiron unha aproximación ás comunidades que teñen un maior índice.
- 5) Polo que se refire ao comportamento das provincias, habería que destacar a desigualdade entre elas cunha forte diferenza entre as provincias da Coruña e de Pontevedra, por unha parte, e as do interior pola outra. Estas últimas ocupan os postos 45 (Lugo) e 48 (Ourense) entre as 50 provincias españolas no ano 2002 a pesar de que Galicia pasa ao posto 14 das comunidades mellorando dous postos en relación coa súa posición histórica.

BIBLIOGRAFÍA

- BRUNDTLAND, G.N. (1987): *Our Common Future*. Oxford University Press.
- DASGUPTA P.S.; HEAL, G.M. (1979): *Economic Theory and Exhaustible Resources*. London: Cambridge University Press.
- GEORGESCU-ROEGEN, N. (1975): “Energía y mitos económicos”, *Información Comercial Española*, núm. 501.
- MEADOWS; DONELLA ET AL. (1972): *The Limits to Growth*. New York: Universe Books.
- MUNASINGHE, M. (1993): *Environmental Economics and Sustainable Development*. (Environmental Paper, núm. 3). Washington, D.C.: World Bank.
- PEARCE, D.W.; MARKANDYA, A.; BARBIER, E.B.: *Blueprint for a Green Economy*. London: Earth Publications Ltd. (Citado por Marcos Castro).
- PENA TRAPERO, J.B. (1976): *Problemas de la medición del bienestar y conceptos afines*. INE.
- ROMER, P.M. (1986): “Increasing Returns and Long-Run Growth”, *Journal of Political Economy*, vol. 94.
- ROMER, P.M. (1999): *Conversations with Economists: Brian Snowdon y Howard Vane*. Edward Elgar.
- SANZ, A.; TERÁN, M. (1988): “Disparidades sociales regionales”, *Papeles de Economía Española*, núm. 34.
- SOLOW, R.M. (1956): “A Contribution to the Theory of Economic Growth”, *Quarterly Journal of Economics*, 70, 1.
- SWAN, T.W. (1956): “Economic Growth and Capital Accumulations”, *Economic Record*, 32.
- ZARZOSA, P. (1996): *Aproximación a la medición del bienestar*. Universidad de Valladolid.